



## BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ASAMBLEA LOCAL DE A ILLA DE AROUSA

### AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA

Carlos Otero Chaves, concelleiro, con domicilio a efectos de notificación na rúa Campo nº 7 deste concello, e con D.I. 35.459.044-J, comparece ante o Concello de A Illa de Arousa e DI:

Que no Boletín Oficial da Provincia do 17 de marzo de 2006 foi publicado o anuncio de aprobación inicial do orzamento e bases de execución do Concello de A Illa de Arousa para o exercicio de 2006, e ao abeiro do disposto na Lei reguladora das Facendas Locais (LFL), en legais tempo e forma, formula a seguinte:

### **ALEGACIÓN:**

O orzamento é un instrumento de planificación económica, aínda que limitado a un exercicio, polo que deben ser incluídos no mesmo todos os actos da entidade local con transcendencia económica que se pretendan realizar durante o ano para o cal se elabora o orzamento, incluíndo no mesmo aquelas obrigacións e a planificación económica das necesidades que o Concello debe atender.

O Clube de Piragüismo Illa de Arousa está a desenrolar unha grande labor a nivel deportivo, formativo e educativo no noso pobo, que debe ser tomada en consideración por este Concello. Esta labor está a facela nunhas instalacións moi precarias, que dificultan seriamente o seu desenrolo. A directiva do Clube está a facer xestións ante as distintas Administracións para reformar e adecuar as instalacións ás necesidades das actividades que se están a realizar. Vemos nembargante que este Concello non recolle nos seus presupostos para o ano 2006 partida algunha para axudar a levar a cabo estas obras. Por tal motivo, propoñemos unha modificación no seguinte sentido:

- Que se habilite unha partida de 50.000 € para colaborar no arranxo das instalacións do Clube de Piragüismo.

Polo exposto,

**SOLICITA**, que teña por presentado este escrito, e na súa virtude, ter por formulada a anterior alegación contra a aprobación inicial do Orzamento Xeral do Concello de A Illa de Arousa para o exercicio económico de 2006, acordando as variacións que se propoñen.

A Illa de Arousa, 31 de marzo de 2006.